



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL DO PLENO

O Concello Pleno en sesión extraordinaria urxente do día 12 de decembro do ano 2017 adoptou, entre outros, o seguinte ACORDO:

3.- Expediente de modificación de créditos, modalidade créditos extraordinarios, 6P/2017. Resolución de reclamacións e aprobación definitiva.

O secretario dá conta da proposta da concelleira de Facenda, de 11 de decembro de 2017 e a proposta que contén, que sometida a votación por dezaotoito votos a favor do Grupo Municipal do Partido Popular e de Democracia Ourenzana, tres votos en contra do Grupo Municipal de Ourense en Común, e cinco abstencións do Grupo Municipal Socialista, adoptou o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Desestimar as alegacións presentadas por D. Bautista Rodríguez García e D. Xoán Carlos Bouso Carballeira, delegados de persoal no Concello de Ourense en representación do sindicato policial S.P.P.M.E., á modificación orzamentaria 6P/2017, por mor de non se acreditar defecto algún que puidera ser determinante da súa anulabilidade, segundo a normativa reguladora das facendas locais e demais lexislación aplicable na materia.

Segundo.- Aprobar definitivamente o proxecto de modificación orzamentaria 6-P/2017, utilizando a figura dos créditos extraordinarios, de acordo co seguinte contido:

Créditos extraordinarios

Créditos extraordinarios que se dotan:

<u>Código</u>	<u>Descrición</u>	<u>Importe</u>	<u>Financiamento</u>
N110.1621.62305	/ Reposición contenedores soterrados	/ 367.873,16 €	/ Rte Tes Gtos. Xerais

Total créditos extraordinarios 367.873,16 €

Financiamento dos créditos extraordinarios:

Modificación do Estado de Ingresos


<u>Código</u>	<u>Descrición</u>	<u>Importe</u>
87000	Rmte. de Tesourería para Gtos. Xerais	367.873,16 €

Total financiamento créditos extraordinarios 367.873,16 €

Total Modificación Orzamentaria 367.873,16 €

Para unir ao expediente da súa razón, expídesse o presente coa advertencia e salvedade á que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais de 28 de novembro de 1986, isto é, a reserva dos termos da aprobación da acta definitiva.

Ourense, 12 de decembro de 2017
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,



~~Asdo.: Luís María Bermúdez de la Puente Villalba~~